

NOTA EDITORIAL: Descripción deste número

Editores

Cad Aten Primaria
Año 2010
Volume 17
Páx. 234-234

No **editorial** a AGAMFEC opina sobre a posición de Medicina de Familia como materia no currículum formativo dos alumnos de Medicina.

Seguindo con este tema, en **Colaboracións** podemos encontrar as reflexións sobre o pregrao por parte de **Ricardo Iglesias, profesor de medicina de familia na Facultade de Santiago**, co artigo Materia obrigatoria no novo plan de estudos de medicina e tamén, por primeira vez, presentamos **a opinión dun estudante de medicina**, sobre a súa situación vital como alumno, docente e de perspectivas de futuro. Unha aproximación ao mundo universitario, tan lonxe moitas veces do traballo asistencial cotián. O título do documento é **Estudantes: a voz dos que non son escoitados**.

En **Saúde Pública** se presentan catro documentos: o primeiro **Informe sobre resistencias antimicrobianas**, realizado pola Sociedade Galega de Microbioloxía, en colaboración coa Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública; os obxectivos da **Nova andaina en saúde pública**; os cambios no vello e coñecido programa informático epidemiolóxico e estatístico **Epidat 4.0**; e por último, o novo sistema operativo de software libre **Epilinux 2.0**, desenvolvido pola Unidade de Bioestatística da Facultade de Medicina de Santiago e a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

Na sección de **Orixinais** publícanse tres estudos descritivos en materias diferentes: **Evaluación da nutrición e calidade de vida da terceira idade en Ribadeo**, **Evaluación do impacto da implementación dun protocolo para o autocontrol de glucemia capilar en pacientes con diábetes tipo 2**, e **Cáncer colorectal ¿redución da súa incidencia coa realización de polipeptomías?**.

Para saber de... ofrece un atractivo e útil resumo da **guía clínica de EPOC (SEPAR-semFYC 2010)**.

En **Habilidades e Terapéutica** continuamos coa Serie de **Ecomatrix** (introdución de caso clínico en papel pero con solución na web), a segunda parte da **Ecografía de vías biliares e vesícula biliar** e un traballo da Serie 061 coas claves de **Manexo dun paciente psiquiátrico agresivo e o seu traslado**. Finalmente se presenta o Tratamento de cicatrices hipertróficas e queloides.

En **Alerta Bibliográfica con Impacto Clínico** Francisco Javier Gar-

cía Soidán comenta o **Posicionamento da RedeGedaps sobre o uso do ácido acetilsalicílico na DM tipo 2**. Un novo cambio na práctica clínica motivado polos resultados das investigacións sobre diábetes.

Continuamos coa sección **Casos Clínicos**, apreciada polos lectores, cun importante compoñente formativo.

Tamén se publica e repasa en **Cartas ao Director** a demencia frontotemporal e o hematoma subdural crónico.

En **Medicina popular en Galicia**, Pablo Vaamonde fálanos maxistralmente sobre a Galicia Borrosa, o poder simbólico do chamán e a medicina popular. Sería imperdoable deixar este número sen ler este traballo. **Absolutamente recomendable**.

En **Espazo para o Debate** os autores presentan un novo síndrome, **Trastornos por Déficit de Actividade e Hipoentrenamento (TDAH)**, froito da súa experiencia práctica. Dunha forma simpática aproximámonos á unha parte das vivencias do Camiño de Santiago.

Continuamos tamén neste número coa sección de **Humanidades** cun novo documento sobre a figura do gran cirurxián D. Ángel Baltar.